



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Deseño de Moda	Código	710G03010	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuadrimestre	Segundo	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición			
Coordinación	Muñiz Núñez, Patricia	Correo electrónico	patricia.muniz@udc.es	
Profesorado	Muñiz Núñez, Patricia	Correo electrónico	patricia.muniz@udc.es	
Web	ddm.materias.udc.gal/			
Descrición xeral	Aproximación xeral ó deseño de moda, dende a historia e a cultura, con referentes adecuadamente contextualizados, ata as novas tendencias. Análise do proceso de investigación i experimentación creativa, do desenrolo do proxecto, da expresión gráfica, o prototipado básico de prendas e as diferentes técnicas.			



<b>Plan de continxencia</b>	<p><b>PLAN DE CONTINXENCIA</b> <b>DOCUMENTO MARCO ÁREA DE COMPOSICIÓN</b></p> <p>No caso de que se produzan circunstancias excepcionais motivadas pola pandemia que impidan a docencia presencial prevista, plantéxase o paso desta á modalidade docente non presencial baseada no soporte TIC proporcionado pola Universidade.</p> <p>Utilizarase o conxunto de ferramentas TIC, posto a disposición pola Universidade, especialmente a plataforma Moodle, Teams e o correo electrónico para a comunicación có estudantado.</p> <p><b>1. Modificacións nos contidos.</b> No caso de continxencia adoptaranse as medidas necesarias para garantir a calidade do ensino e a integridade dos contidos. Non se realizan cambios nos contidos.</p> <p><b>2. Metodoloxías</b> *Metodoloxías docentes que se manteñen: Mantense o conxunto das metodoloxías docentes empregadas, pasando a docencia a desenvolverse de xeito non presencial, total ou parcialmente. *Metodoloxías docentes que se modifican: Non está previsto modificar metodoloxías docentes</p> <p><b>3. Mecanismos de atención personalizada al alumnado.</b> Os mecanismos de atención personalizada ó estudantado utilizarán as plataformas sinaladas con anterioridade postas a disposición pola Universidade: Moodle, Microsoft Teams y el Correo electrónico institucional. Temporalización: a establecida segundo o calendario e horario académicos fixados polo centro ó comezo do curso.</p> <p><b>4. Modificacións na avaliación</b> Suprimiranse aqueles criterios que impliquen asistencia e presencialidade. Este principio terá validez temporalmente dende o momento no que exista instrución de aplicación do presente Plan de Continxencia. Mantéñense o resto dos criterios de avaliación. Para o alumnado con dificultades xustificadas para realizar probas ou entregas, poderanse prever solucións alternativas personalizadas.</p> <p><b>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</b> Mantense a bibliografía proposta para a asignatura. Subiranse aos soportes de intercambio de arquivos institucionais aqueles textos, fragmentos de textos ou outro material, cuxo coñecemento é imprescindible para superar a materia.</p>
-----------------------------	--

<b>Competencias / Resultados do título</b>	
<b>Código</b>	<b>Competencias / Resultados do título</b>

<b>Resultados da aprendizaxe</b>	
<b>Resultados de aprendizaxe</b>	<b>Competencias / Resultados do título</b>



Coñecer e manexar as ferramentas para a realización, conceptualización e lanzamento de coleccións.	A6 A18	B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10	C3 C8
Coñecer as linguaxes plásticas e visuais no ámbito do deseño da industria da moda, para entender e interpretar as creacións artísticas de prendas de moda.	A6 A18	B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10	C3 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Iniciación ó deseño en moda	- Deseño: funcións, técnicas, actitudes, ideas e valores - A linguaxe da moda. A moda como sistema de comunicación non verbal e soporte de comunicación social. - Referentes e contextos determinantes
2. O proceso creativo	- A inspiración - Moodboard/ mapas conceptuais - Bosquexos e debuxo en detalle - Aproximación a cores e materiais - Documentos técnicos - Prototipado - Confección final
3. Identidade	- Procesos de configuración de identidade - Identidade cultural a través da moda e o seu poder transformador
4. Cores	- Psicoloxía da cor - Teorías. Círculo cromático e harmonías - Carta de cores - Aplicación á moda
5. Materiais	- Tecidos e técnicas. Estilo, estética, ergonomía, funcionalidade, durabilidade, psicoloxía e posibilidades expresivas. - Innovación e tecnoloxía
6. Reciclaxe e sustentabilidade	- A influencia dos procesos de deseño e produción na sustentabilidade da moda. Fast fashion / Slow fashion. Zero waste.
7. Técnicas de deseño experimental	- Deconstrución e transformación de volumes - Uso de novos materiais - FabTextiles- Cultura dixital experimental. Ferramentas de fabricación dixital.
8. Contextos interdisciplinares	

**Planificación**



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A6 A18 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10 C8 C3	21	20	41
Obradoiro	A6 A18 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10 C3 C8	10	30	40
Traballos tutelados	A6 A18 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 C3	10	40	50
Proba obxectiva	A6 A18 B1 B3 B4 B5 B7 B9 B10 C3 C8	2	15	17
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Clases teóricas e exposicións orais complementadas co uso de medios audiovisuais, coa finalidade de transmitir ó alumnado as bases fundamentais dos coñecementos e facilitar a súa aprendizaxe.
Obradoiro	Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado.
Traballos tutelados	Como complemento ás clases expositivas e interactivas, e có obxecto de promover a aprendizaxe autónoma e grupal. Os estudantado desenvolverá continuamente traballos prácticos de tipo analítico en diversos formatos baixo a tutela do profesorado.
Proba obxectiva	Plantexaranse cuestións sobre o temario para ser respondidas en papel tanto de forma escrita en formato test, extenso ou gráfico

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Para o seguemento e supervisión das actividades non presenciais vinculadas ós traballos tutelados

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A6 A18 B1 B3 B4 B5 B7 B9 B10 C3 C8	Plantexaranse cuestións sobre o temario para ser respondidas en papel tanto de forma escrita en formato test, extenso ou gráfico	30
Traballos tutelados	A6 A18 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 C3	Como complemento das clases expositivas e das interactivas, e co obxecto de promover a aprendizaxe autónoma e grupal. Os estudantado desenvolverá continuamente traballos prácticos de tipo analítico en diversos formatos baixo a tutela do profesorado.	70

Observacións avaliación



1. Asistir ó 80% das clases. (Asistencia supón unha participación activa nas clases e seminarios da materia)
2. Realizar o 80% dos traballos nas datas indicadas.
3. Realizar o traballo grupal nas datas indicadas.
4. Obter como mínimo unha calificación de 50/100 na proba obxectiva

En

caso de non cumprir algún dos primeiros tres puntos, o estudante obterá a calificación de "NP" (non presentado) en nas oportunidades de Xaneiro e Xullo.

Se o estudante non asiste á primeira oportunidade (Xaneiro) e cumpre os tres primeiros requisitos, obterá un "NP" (Xaneiro)

A

segunda oportunidade (Xullo) únicamente consistirá na realización da proba obxectiva. Os mesmos requisitos serán esixidos que na primeira oportunidade, polo que estarán nas situacións: 1. cumprir os 4 requisitos previos indicados e obter unha calificación por debaixo de 5 na primeira proba obxectiva ou, 2: cumprir os tres primeiros requisitos e non ter realizado a primeira proba obxectiva.

Os estudante que se matriculen có curso xa iniciado:

1. Asistirán a non menos do 90% das clases presenciais dende a formalización da matrícula.
2. Completarán todos os traballos individuais e grupais nas datas esixidas -tras a súa matrícula-
3. Os traballos xa realizados previos á súa matrícula serán esixidos e realizados segundo as instrucións do profesorado.

O

resto de regras que non entren en contradición coas anteriores seranlles de aplicación do mesmo xeito que ó resto de estudantes.

Aqueles estudantes que participen programas de mobilidade saínte ou entrante adaptaranse ás mesmas normas que o resto do estudiantado.

## Fontes de información

### Bibliografía básica

Díaz Sánchez, Julián. Arte, diseño y moda: confluencias en el sistema artístico. (Cuenca: Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, 2012). Jenkyn Jones, Sue. Diseño de moda. (Barcelona: Blume SL, 2013) Lurie, Alison. El lenguaje de la moda. (Barcelona: Paidós Iberica 2013) Meadows, Toby. Crear y gestionar una marca de moda. (Barcelona: Blume 2009) Renfrew, C. Renfrew, E. Creación de una colección de moda. (Mexico: GG 2010) Seivewright, Simón. Diseño e investigación. (Mexico: GG 2013) Smith, Alison. Confección de prendas de vestir. (Barcelona: Blume, 2013) Sorger, Richard and Udale, Jenny. The fundamentals of fashion design. (Bloomsbury Academic, 2017) Sposito, Stefanella. Los tejidos y el diseño de moda. Guía de referencia, características y uso de los principales tejidos. (Barcelona: Hoaki Books, SL) Steel, Valerie and Menkes, Suzi. Fashion Designers A-Z. (Taschen, 2018) Udale, Jenny. Diseño textil. Tejidos y técnicas. (Barcelona: Gustavo Gili SL, 2008, 2014) Viaseca, Estel. Desfiles de moda. Diseño, organización y desarrollo. (Barcelona: Promopress, 2010) Volpintesta, Laura. Fundamentos del diseño de moda: los 26 principios que todo diseñador de moda debe conocer (Barcelona: Promopress, 2015).

### Bibliografía complementaria

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Debuxo e Expresión Gráfica Aplicados á Moda/710G03006

Fundamentos de Deseño Artístico da Moda/710G03002

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### Materias que continúan o temario

Estética, Estilismo e Padronaxe/710G03016

## Observacións



(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías